

Dependencia CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
Documento	Expediente	Fecha
CMG12I08F	CON/36/2017	14-02-18 10:03

Número 66 .- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á adxudicación do contrato de "subministro e instalación de elementos novos para remodelación da área de xogos infantil do parque de Pablo Iglesias".

Destinatario

15078DCMG12I08F\



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 09 de febreiro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

66 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MEDIO AMBIENTE E CONVIVENCIA RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE "SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE ELEMENTOS NOVOS PARA REMODELACIÓN DA ÁREA DE XOGOS INFANTIL DO PARQUE DE PABLO IGLESIAS".

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia, de data 16 de xaneiro de 2018, así como do informe de Intervención n° 37/2018, favorable con observacións, da xefe de sección de data 6.febrero.2018, conformado pola interventora municipal coa mesma data.

Na devandita proposta indícase o seguinte:

"Xan Duro Fernández, concelleiro delegado de medio ambiente, convivencia e informática, e presidente da mesa de contratación da licitación "Subministro e instalación de elementos novos para remodelación da área de xogos infantil do parque de Pablo Iglesias", consonte ós termos establecidos no artigo 320 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por RD Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 28/06/2017,

**EXPÓN:**

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG12108F	<i>Expediente</i> CON/36/2017	<i>Fecha</i> 14-02-18 10:03

Primeiro: Con data 21 de novembro de 2017, celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador HPC IBERICA SA.

Segundo: Con data 19 de decembro seguinte, celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e consonte ao acordado nas correspondentes reunións da mesa de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

#### PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

**PRIMEIRO:** Rexeitar as ofertas presentadas polas empresas CONSTRUCCIONES CERNADAS SL, ZONA DE OBRA O ROSAL SLU e OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO SL, por non cumprir o taxativo requirimento do prego técnico de aplicación, que no seu punto 5 sinala que "*os fabricantes dos xogos deberán acreditar o cumprimento da normativa de calidade ISO 9001 e de respecto medioambiental ISO 14001*", en concordancia co criterio 2 dos definidos no prego de cláusulas administrativas como non avaliábeis mediante cifras, que determina que será nesta fase onde se presenten "*os correspondentes documentos de características técnicas do fabricante*".

**SEGUNDO:** Adxudicar o contrato de referencia a favor de HPC IBERICA SA (CIF: A58620808), por un importe de **63.452,34 euros** (IVE aparte 21%: 13.324,99 euros), ó ser a máis vantaxosa das presentadas.

Así mesmo, compromete unha ampliación de tres anos do período de garantía dos elementos ofertados e do servizo de mantemento.

Desígnase como técnico municipal director- responsable do contrato a D. Gregorio López Albardonedo, xefe do departamento de parques e xardíns.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **060 17100 60900.**"

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG12I08F	<i>Expediente</i> CON/36/2017	<i>Fecha</i> 14-02-18 10:03

**Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:**

**PRIMEIRO:** Rexeitar as ofertas presentadas polas empresas CONSTRUCCIONES CERNADAS SL, ZONA DE OBRA O ROSAL SLU e OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO SL, por non cumprir o taxativo requerimento do prego técnico de aplicación, que no seu punto 5 sinala que "os fabricantes dos xogos deberán acreditar o cumprimento da normativa de calidade ISO 9001 e de respecto medioambiental ISO 14001", en concordancia co criterio 2 dos definidos no prego de cláusulas administrativas como non avaliáveis mediante cifras, que determina que será nesta fase onde se presenten "os correspondentes documentos de características técnicas do fabricante".

**SEGUNDO:** Adxudicar o contrato de referencia a favor de HPC IBERICA SA (CIF: A58620808), por un importe de **63.452,34 euros** (IVE aparte 21%: 13.324,99 euros), ó ser a máis vantaxosa das presentadas.

Así mesmo, comprometer unha ampliación de tres anos do período de garantía dos elementos ofertados e do servizo de mantemento.

Designar como técnico municipal director- responsable do contrato a D. Gregorio López Albardonedo, xefe do departamento de parques e xardíns.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 060 17100 60900.

**O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO**

Asdo: Xan Xesús Duro Fernández



